

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de abril de 2022**

Ás 17.00 horas do día 21 de abril de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Álvaro José Fernández Pérez (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de marzo de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 17 de marzo de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Bernardo Varela López, do BNG, pregunta cales son as previsións de xestión dos cen mil euros de colaboración coas entidades locais para axuda aos refuxiados ucráinos, se se vai sacar unha liña específica, se se vai publicar dalgún xeito, se hai unhas bases, como vai ser esa xestión. Pregunta tamén se existe unha previsión de fondos para un fondo de cooperación social cos concellos da provincia de Ourense, xa que non hai previsión ao respecto na modificación de bases.

A presidenta da comisión di que lle pasaremos a resposta polos medios oportunos, xa que nestes momentos non a ten para contestar neste momento.

Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta novamente pola valoración tras finalizar, hai 5 meses, o primeiro Plan de Igualdade, que vostede indicou que se estaba a elaborar e non sabemos en que punto está. Pregunta tamén se hai algunha empresa para a adxudicación da elaboración do segundo Plan. Indica tamén que na páxina web da Deputación, no apartado de igualdade, aínda está sen actualizar, figuran os cursos formativos de 2018 e está todo moi obsoleto. Pregunta tamén pola aplicación do “Vou contigo”, que se presentou publicamente hai un ano e estaba pendente de rematar e non sabe se aínda está operativa ou segue deseñándose a dita aplicación.

A presidenta da comisión responde que, sobre a valoración do primeiro Plan de Igualdade, sinala que en poucos días a van ter, estase procedendo a ela. Indica que vostede no Concello de Barbadás o Plan de Igualdade o teñen esquecido, está asinado por una concelleira que non é do actual grupo de goberno, polo que o de vostede leva máis retraso que o noso. Estase traballando no noso e en breve vai ter toda esa información. Respecto á pregunta sobre a adxudicación do Segundo Plan de Igualdade, indica que está en proceso de contratación.

Respecto á aplicación de “Vou contigo”, houbo un retraso e quérese mellorar o funcionamento da aplicación, e antes de lanzalo quérense facer esas melloras para facela máis intuitiva. En poucos días estará operativa. Respecto á actualización da páxina web considera que está sen actualizar e obsoleta, pero intentando axilizar a páxina de igualdade, se lle indicou que se está intentando facer unha nova páxina web de toda a institución e a intención é reformar todo xunto.

Dona Marga Pérez Fernández, do Grupo Socialista, indica que o Plan de Igualdade de Barbadás están xa con el, están na primeira fase e lles están pasando aos traballadores os cuestionarios e xa se está traballando nel. A técnica do CIM está facendo un traballo dende hai meses e está un pouco máis avanzado que o segundo Plan de Igualdade da Deputación.

A presidenta da comisión indica que os plans de igualdade duran bastantes menos anos, que o último que teñen asinado pola compañeira, debe ser de 2015 máis ou menos e estalles levando tempo. O primeiro duroulle dez anos, normalmente a vixencia é de tres ou catro anos, e levan seis ou sete anos de retraso.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta sobre unha cuestión que lle preocupa aos concellos sobre o programa anual de empregabilidade da Deputación que é por un importe de 20.000 euros. Os concellos poden contratar persoal por ese importe. A reforma laboral limítanos moito a contratación con cargo a eses 20.000 euros e teríamos que acudir os concellos a autónomos para poder contratar. Pregunta se valoraron como se vai facer, se se vai manter esa partida tan importante de empregabilidade para anos futuros ou se vai reformular esa axuda aos concellos tan necesaria para contratar persoal.

A presidenta da comisión responde que lle contestará polos medios oportunos.

E, ás 17.17 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

